

BASES DE CONVOCATORIA DA III EDICIÓN DO PROGRAMA AGROBIOTECH INNOVACIÓN

Programa Centro de Excelencia para o impulso do crecemento sustentable da peme innovadora galega

1. OBXECTO E ÁMBITO

O Programa AgroBiotech Innovación, constitúe un programa de aceleración desenvolvido por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, que aspira a incrementar o nivel de excelencia daquelas pemes innovadoras galegas que mostren potencial de crecemento e que estean centradas en actividades priorizadas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

2. OBXECTIVO DO PROGRAMA

O Programa AgroBiotech Innovación persegue potenciar o despegue das empresas participantes a través dun plan de traballo práctico, orientado principalmente a aumentar o potencial innovador das pemes participantes galegas, favorecer o desenvolvemento de novos produtos e servizos innovadores, establecer relacións con novos socios e facilitar a transferencia e o acceso de información entre empresas.

O obxectivo é crear un espazo prolífico para o crecemento orgánico das empresas, a partir de procesos de toma de decisión de calidade que permitan xerar dinámicas de apoio aos equipos directivos das empresas para que, dende a valorización do coñecemento, dende a innovación, dende a internacionalización e co reforzamento das súas capacidades financeiras e de xestión, poidan emprender sendas de crecemento sustentable.

Para iso porase a disposición das empresas un plan de traballo que incidirá nos aspectos vinculados á estratexia, situación de mercado e funcionamento organizativo, co obxectivo de fortalecer as capacidades das empresas participantes co fin de:

- Mellorar a capacitación na xestión empresarial e nos modelos organizativos.
- Ampliar a comercialización de produtos e servizos innovadores.
- Desenvolver novos produtos e servizos con socios nacionais e internacionais nun marco de innovación aberta.
- Incrementar a capacidade de captación de financiamento público europeo (no marco da Estratexia H2020) así como de carácter privado.

Coa participación no Programa, espérase a que, nun prazo de dous anos tras a súa participación neste, as empresas beneficiarias:

- **Avancen na senda da innovación** aumentando notablemente o seu potencial innovador, reflectido na dependencia das súas vendas dos produtos introducidos no mercado nos últimos dous anos.
- **Experimenten un crecemento significativo**, reflectido en cifras de facturación.
- **Presenten unha maior diversificación** das súas vendas, chegando aos mercados exteriores.
- **Incrementen a atracción de financiamento externo**, maximizando a captación de fondos públicos europeos (a través da participación en programas de H2020) e de fondos privados.

3. EMPRESAS DESTINATARIAS DO PROGRAMA

Serán destinatarias desta terceira Edición do Programa aquelas pemes, innovadoras e/ou de base tecnolóxica, que teñan unha actividade industrial, comercial ou de servizos pertencente ao campo biotecnolóxico, da biomasa ou ao campo agroalimentario, considerando que:

- As empresas do sector biotecnolóxico son aquelas que centran a súa actividade na explotación de procesos biolóxicos para obter solucións técnicas aplicables a novos produtos e servizos.
- As empresas do sector agroalimentario son aquelas dedicadas á silvicultura, gandería, agricultura e pesca. Tamén se inclúen aquelas empresas que se ocupan da transformación de materias primas en produtos semielaborados ou elaborados e da alimentación, tales como as empresas centradas no ámbito dos lácteos, etc.
- As empresas do sector da biomasa serán aquelas orientadas ao aproveitamento da biomasa.

Poderán ser seleccionadas un máximo de 12 empresas.

4. REQUISITOS DAS EMPRESAS

Toda empresa destinataria deberá reunir os seguintes requisitos para poder acceder ao Programa:

- Ter o domicilio social ou algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter facturación no ano 2018
- Non se atopar incurso en ningunha das prohibicións ás que fai referencia o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Ter a condición de PEME; segundo Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, consideraranse PEMES as empresas que ocupan a menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede de 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede de 43 millóns de euros. Dentro das PEMES, considerarase pequena empresa aquela que ocupa a menos de 50 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. Para o cálculo destes efectivos deberán contemplarse as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- Trátase dunha "empresa autónoma", segundo o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014
- Cumprir a norma de minimis segundo o disposto no, relativo Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013 á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, en virtude do que o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.
- Non ser empresa beneficiaria da II Edición de Agrobiotech Innovación celebrada no ano 2017.
- Para empresas beneficiarias da I Edición de Agrobiotech Innovación celebrada no ano 2015 só se permitirá o acceso á presente edición no caso de que se prevea a realización dun ámbito de itinerario diferente ao escollido en 2015.

5. OBRIGAS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das empresas beneficiarias:

- Realizar as actividades previstas no programa durante toda a súa duración.
- Acudir ás actividades nas localizacións e nos horarios que se establezan, cumprindo cos requirimentos de dispoñibilidade e mobilidade que isto implica.
- Asumir os gastos derivados dos desprazamentos e axudas de custo que supón a asistencia ás actividades do Programa.
- Facilitar a asistencia e o contacto dos titores co persoal das empresas nas súas instalacións para a realización das sesións de titorización.
- Facilitar os datos e indicadores de resultados obtidos pola empresa nos dous anos posteriores á participación no programa, co obxecto de avaliar o impacto das actividades realizadas nos resultados da empresa.

- Comunicar a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. calquera incidente que poida afectar de xeito grave ao desenvolvemento do proxecto ou actuación.
- Difundir, na páxina web da empresa, a participación no Programa, mediante a publicación dos elementos determinados por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A..

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

As solicitudes de participación presentaranse vía web, sen necesidade de certificado dixital, na web agrobiotech.gal, no prazo dun mes contado dende o lanzamento da convocatoria.

Para a convocatoria da III Edición do Programa o prazo de inscrición estará aberto dende o 25/02/19 ata o 27/03/19 (inclusive).

Adicionalmente, e a través da mesma páxina web, as pemes interesadas en participar no Programa terán que xuntar a seguinte documentación:

- Memoria (segundo o modelo do Anexo I)
- Fotocopia da Declaración anual do IVE.
- Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da empresa, ou modelo 036 ou 037, segundo proceda.
- Currículos do persoal con competencias en I+D+i da empresa.

Calquera solicitude recibida fóra do prazo establecido será rexeitada, sempre e cando este non sexa ampliado por decisión da entidade responsable.

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. poderá solicitar a presentación de documentación adicional para a acreditación de calquera dos datos incluídos no formulario cuberto polas empresas candidatas.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

As solicitudes recibidas para a participación no Programa serán avaliadas baseándose nos seguintes criterios e puntuacións:

a. Grao de innovación (máximo 37 puntos)

Será valorada a existencia dunha proposta definida, que conte cun produto ou servizo innovador para o mercado, que achegue innovación na metodoloxía e/ou nos procesos internos e externos da empresa. Neste sentido teranse en conta:

- O número de novos produtos ou servizos introducidos no mercado, e o peso porcentual que os ingresos derivados da súa venda teñen sobre a facturación total da empresa.

- A porcentaxe de gastos en innovación sobre a cifra de facturación da empresa entendida como: o custo das retribucións a investigadores e persoal técnico cualificado, a contratación de consultoría externa especializada en I+D, a formación en innovación e a adquisición de equipos e instrumentos e a adquisición de licenzas de software para proxectos de I+D.
- O número de traballadores dedicados á I+D+i sobre o total de traballadores da empresa.
- A capacitación do persoal, considerando a titulación específica e experiencia en actividades de carácter innovador relacionadas co proxecto así como a formación relacionada co ámbito da I+D+i.
- A participación en proxectos de I+D+i: subvencións rexionais, nacionais ou internacionais recibidas e investimentos realizados para o desenvolvemento do proxecto.

b. Potencial de crecemento (máximo 28 puntos)

Con respecto a este criterio, valorarase principalmente:

- O incremento de facturación durante o período 2016-2018.
- O crecemento previsto da empresa para os próximos dous anos (2020 e 2021), en termos de incremento tanto do nivel de facturación como do nivel de emprego con referencia ao valor ao inicio do Programa.

c. Diversificación no mercado (máximo 10 puntos)

No marco deste criterio serán valorados:

- A relación con axentes nacionais e/ou internacionais. Entenderase por relacións, os acordos comerciais, convenios, contratos de licenza, contratos de venda, colaboracións en proxectos e calquera outra participación, tanto de exportación como de importación.
- A participación en eventos de promoción no mercado exterior (feiras, congresos, misións comerciais).

d. Memoria (máximo 17 puntos)

Neste apartado valorarase:

- O enfoque estratéxico para a innovación de produtos, servizos ou procesos a aplicar na empresa nos próximos dous anos.

- O tamaño e proxección de crecemento do mercado accesible, e, tamén o potencial e capacidade de comercialización exterior e a competencia existente e esperable, a través das vantaxes competitivas e o grao de sustentabilidade no tempo.
- A motivación para a participación no Programa e os principais resultados esperados en termos de innovación e crecemento.
- O equipo proposto para a asistencia ás actividades programadas, identificando número de participantes, posición na empresa e porcentaxes de dedicación.

e. Localización do domicilio fiscal das empresas nas provincias de Lugo ou Ourense (3 puntos).

f. Non ser beneficiaria da I Edición de Agrobiotech Innovación (5 puntos).

8. AVALIACIÓN E SELECCIÓN DE SOLICITUDES

Os procesos de avaliación e selección serán realizados por un Comité Técnico que contará con representantes de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. e da Axencia Galega de Innovación, podendo participar tamén neste expertos de carácter externo.

As solicitudes presentadas serán avaliadas baseándose na aplicación dos criterios de valoración establecidos no apartado 7 da presente convocatoria.

Para considerar a participación dunha empresa no Programa, esta deberá obter unha puntuación mínima de 50 puntos.

A cada unha das solicitudes recibidas daráselle unha puntuación, segundo os criterios definidos no apartado 7 da presente convocatoria. As 12 empresas que alcancen as mellores puntuacións serán as empresas seleccionadas e admitidas no programa.

9. RESOLUCIÓN

As solicitudes avaliaranse por orde de presentación e puntuaranse de acordo cos criterios recollidos no apartado 7. Concluída a súa avaliación, procederase a formular a proposta de

resolución provisional, que se notificará aos interesados para que expresen a súa aceptación ou renuncia.

A notificación realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo que o solicitante facilitou, para estes efectos, na solicitude de participación, e esta notificación entenderase practicada, a todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso do solicitante ao seu contido. Entenderase outorgada a aceptación do interesado en ausencia de resposta no prazo de tres días naturais dende a recepción da proposta.

Unha vez seleccionadas as empresas, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. solicitará a estas que cubran e envíen a documentación que se inclúe como Anexo II na presente convocatoria así

como a achega de calquera outra información adicional que poida ser necesaria para garantir a veracidade dos datos achegados e xustificar o cumprimento de todos os requisitos recollidos no apartado 4 desta convocatoria.

A non presentación da dita documentación facultará ao Parque Tecnolóxico de Galicia a excluír a condición de beneficiario, en beneficio doutra candidatura, se é o caso.

A relación definitiva de beneficiarios será publicada na web de Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (www.tecnopole.gal) e na web do Programa (www.agrobiotech.gal).

10. SUBMINISTRO E PROTECCIÓN DE DATOS

As empresas solicitantes comprométese a poñer a disposición de Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. canta documentación da empresa ou actividade empresarial fose necesaria para o obxectivo desta convocatoria, sempre que estea relacionada coa súa finalidade. A súa negativa inxustificada facultará a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. a excluíla -en calquera momento- desta convocatoria, en beneficio doutra empresa, de ser o caso.

Os datos facilitados polas empresas, referidos a persoas físicas, tanto solicitantes como beneficiarias, serán tratados con suxeición á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e ao Regulamento europeo 2016/679.

En cumprimento da vixente lexislación, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. como responsable, informa que a recollida de datos persoais ten como finalidade a realización dunha xestión eficaz das súas actividades. Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación co Programa Agrobiotech Innovación ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Os datos non se cederán a terceiros salvo á Axencia Galega de Innovación para o desenvolvemento de accións dentro do Programa Agrobiotech Innovación e nos casos en que exista unha obriga legal. Os afectados poderán exercer os seus dereitos como interesado fronte a Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., no seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia S/n, código postal 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense) e correo electrónico tecnopole@tecnopole.es

Así mesmo, en aplicación do sinalado pola Lei de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, do 11 de xullo do 2002 (LSSI), o participante mostrará o seu consentimento expreso a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para que poida nun futuro, proceder a enviarlle á súa conta de correo electrónico comunicacións publicitarias ou promocionais que poidan ser do seu interese. En calquera momento, poderá revogar o consentimento prestado, coa simple notificación da súa vontade mediante o envío dun correo electrónico á conta: tecnopole@tecnopole.es

11. ENFOQUE DO PROGRAMA

O Programa, dado o seu carácter práctico, non se baseará unicamente na realización de actividades de formación teórica, senón tamén nas necesidades específicas de cada unha das empresas que participan nel.

Para iso, contarase con persoal experto e especializado nos distintos campos a tratar e apostarase pola realización de itinerarios específicos para cada beneficiario en función das súas demandas e necesidades particulares.

Os contidos e actividades do Programa están enfocados especificamente aos perfís de Xerencia e primeiros niveis de Dirección e a súa participación activa nel incluso será fundamental. Isto débese a que a súa responsabilidade e posición na empresa é a adecuada para a posta en marcha das actuacións e a aplicación dos coñecementos adquiridos aos distintos niveis da organización, así como para impulsar o cumprimento dos obxectivos marcados no Programa.

12. CONTIDO DO PROGRAMA

O Programa contempla a realización de sesións de traballo individual con titores e mentores, o deseño dun plan de traballo personalizado orientado a reforzar o modelo de negocio e acelerar o desenvolvemento empresarial, a formación xeralista así como a celebración de talleres prácticos grupais para presentar técnicas e ferramentas, para xerar innovación e para mellorar a posición no mercado. O Programa tamén contempla a organización de eventos relacionados coa innovación, a tecnoloxía e a presenza exterior e a prestación de apoio para a captación de financiamento.

12.1 ACTIVIDADES PRINCIPAIS:

Titorización e aceleración

O Programa contará cun equipo de titores especialistas coñecedores do campo da innovación galega e do desenvolvemento de negocio, que se encargarán de definir as necesidades de aceleración de cada unha das empresas participantes deseñando un plan de traballo cun itinerario específico para cada unha delas. Nestes itinerarios reflectiranse

os obxectivos a alcanzar xunto coas fases, as actividades e os recursos necesarios para conseguilos. Os titores encargaranse de realizar o seguimento da consecución dos obxectivos marcados e de apoiar os participantes durante todo o proceso.

Estas actividades levaranse a cabo nas propias instalacións da empresa co obxecto de afondar na cultura e procesos da organización para que, unha vez finalizado o proceso de titorización, constitúan o modo de facer da compañía.

Profesionalización e capacitación

As actividades de capacitación incluídas no Programa organizaranse en dous ámbitos:

- Capacitación xeralista, destinada a todas as empresas participantes, sobre plans de negocio, estratéxicos, detección de necesidades de formación dos mandos, estratexia fiscal, protección IPR, modelos de crecemento, comercialización internacional, comunicación centrada no negocio fronte a investidores, bancos, socios internacionais, institucións, etc.
- Capacitación específica baseada no itinerario específico deseñado para cada participante.

Con carácter xeral, as xornadas de formación e capacitación terán lugar no Parque Tecnolóxico de Galicia (Ourense).

Visibilización e networking

Co obxectivo de aumentar a proxección e visibilización das empresas participantes no programa están previstas as seguintes accións:

- Páxina específica destinada ás empresas participantes na web do Programa.
- Participación nas actividades de difusión: vídeo reportaxes, prensa...
- Lonxa de investimento, focalizada na atracción de posibles investidores.
- III Encontro Agrobiotech Innovación.

12.2 SERVIZOS ADICIONAIS

As empresas participantes de cada unha das edicións do Programa, poderán asistir ás actividades formativas e de capacitación durante as próximas edicións deste, sempre que sexa mostrado o aproveitamento das accións realizadas por estas no marco do Programa (baseándose nos resultados obtidos) e sexa xustificada a necesidade de acudir a estas para alcanzar os obxectivos establecidos no Programa.

13. DURACIÓN

O conxunto de actividades a desenvolver no marco da Terceira Edición do Programa finalizará o 30 de novembro de 2019.